

Mapa 2

Mapa 3

Mapa 6

Mapa 7

rese xeral en Galicia. Os proxectos máis significativos desenvolvidos durante o ano 1997 relacionanse de seguido.

Os realizados pola Autoridade Portuaria e cos seus propios fondos foron os seguintes:

- Iluminación da prolongación do peirao Fernández Ladreda e o espigón.
- Reordenación da parcela da antiga Frigorífica.
- Asistencia técnica para o estudio dun porto exterior na ría de Ferrol.
- Nova pavimentación no peirao do espigón.
- Ensanche e mellora da rúa principal.
- Recuperación da ribeira de Narón.
- Naves adosadas para almacenes e talleres.
- Supervisión remota de sinais marítimas (2ª fase).
- Accesos a Illa Pancha.
- Zona verde e deportiva na estrada Alta do Porto.

Por outra banda, as actuacións realizadas por empresas concesionarias e usuarios do porto foron, fundamentalmente, as seguintes:

- Ampliación da factoría de Megasa.
- Novo almacén de palets por Tudela Veguín.
- Investimento en maquinaria por Pérez Torres Operacións Portuarias Ferrol, S.A.
- Saneamiento separativo por Imenosa.
- Novo complexo de talleres de Astano.

- Endesa investiu nun novo sistema de rego, ampliación de depósitos de auga tratada, melloras en sistemas de tratamento de augas e melloras viais.

No próximo exercicio está prevista a culminación case total da ampliación de Megasa e iniciárase a de Forestal do Atlántico, S.A.

O principal acceso ó porto de Ferrol é por estrada, como queda reflectido no **cadro 5.3.**, onde se ve que en 1997 tódalas mercancías foron transportadas por este medio de comunicación. No ano 1996, só un 2,14% do total das mercadorías foron transportadas por ferrocarril no porto de Ferrol.

En canto ó investimento no resto dos portos da comarca, nos últimos dous anos investíronse un total de 167 millóns de pesetas, dos que 63,55 millóns de pesetas foron investidos no porto de Cariño, e os restantes 103,4 millóns no porto de Cedeira (ver **cadro 5.2.**).

Parques empresariais

Na comarca de Ferrol existe un parque empresarial promovido polo IGVS, o Parque Empresarial de Somozas, que oferta unha superficie industrial e comercial total de 215.134 metros cadrados. En canto ós seus accesos ás vías de comunicación, o Parque dista uns 30 quilómetros das estacións de ferrocarril de Ferrol e Ortigueira e do porto de Ferrol, sendo máis lonxano o acceso á autoestrada A-9 (a 77 km.) e á autovía do Noroeste (69 km.)

Xunto ó IGVS, a Sociedad Estatal de

